

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 22 DE XULLO DE 2019.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.^a M^a Guadalupe Pombo Carril
D. Diego A. Taibo Monelos
D.^a Marta M^a Figueroa Fuentes
D. Juan C. Iglesias Lovelle
D.^a Marta M^a Iglesias Becerra
D. Carlos Liñares Gestal

NON ASISTE:

D.^a Yessica Mendez Sanchez

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL

ACCTAL:

D.^a M^a de las Nieves Fuentes Bermejo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e corenta minutos do día vinte e dous de xullo de dous mil dezanove, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Ramón Rioboo Castro e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D.^a M^a Guadalupe Pombo Carril, D. Diego Antonio Taibo Monelos, D.^a Marta M^a Figueroa Fuentes, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta M^a Iglesias Becerra e D. Carlos Liñares Gestal

Non asiste á sesión a Sra. concelleira D.^a Yessica Mendez Sanchez

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D^a Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a secretaria xeral accidental, D.^a M^a de las Nieves Fuentes Bermejo

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico municipal (BOP do 16/7/2004, núm. 162) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA EN DATA 15-07-2019.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP do 16/7/04, núm. 162) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 15 de xullo de 2019, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión. Ao non producirse ningunha intervención, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a aprobación da acta que resulta aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 15 de xullo de 2019.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Anuncio do 28 de xuño de 2019, do Concello de Culleredo relativo ao requerimento de xestión da biomasa. DOG núm. 136 do 18-07-2019.

- Anuncio do 10 de xullo de 2019, do Concello de Culleredo, -Secretaría Xeral-, relativo á delegación de competencias para a celebración do matrimonio civil entre M.C.M.I e V.M.B.V o día 13 de xullo de 2019, ás 19.00 horas. BOP núm. 136 do 19-07-2019.
- Anuncio do 10 de xullo de 2019, do Concello de Culleredo, -Secretaría Xeral-, relativo á delegación de competencias para a celebración do matrimonio civil entre A.M.E.T e P.P.D o día 13 de xullo de 2019, ás 13.30 horas. BOP núm. 136 do 19-07-2019.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLARÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellaría de Política Social, mocidade e promoción do deporte :

****PRESTACIÓNS ECONOMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

C.I.F. P-1503100-H

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
30/05/19	840	Concesión axuda económica.	A.A.A.	Bono de alimentos tipo C durante seis meses cunha entrega mensual. Bono de hixiene tipo B durante seis meses e cunha entrega mensual.	
30/05/2019	841	Concesión axuda económica.	M.L.I.G.	Pago de aluguer correspondente aos meses de marzo (400 €), abril (400 €) e parte de maio (275 €) de 2019.	1.075,00 €
30/05/2019	842	Concesión axuda económica.	J.A.F.	Pago de fianza e aluguer correspondente a fianza (300 €) e a os meses de xuño (300 €), xullo (300 €) e parte de agosto (175 €) de 2019.	1.075,00 €
13/06/2019	919	Concesión axuda económica.	F.R.B.I.	Pago do recibo de auga correspondente ao 4º trimestre de 2018. Pago do recibo de auga correspondente ao 1º, 2º e 3º trimestre de 2019. Pago de recibo de electricidade correspondente a os meses de febreiro (28,56€) e marzo (32,72€)	62,37€ 61,28 €

C.I.F. P-1503100-H

				de 2019. Pago de recibos de electricidade correspondentes aos meses de outubro de 2018 a decembro de 2018, xaneiro 2019 e de abril a outubro de 2019. Pago de recibos de gas correspondente a outubro 2018 a outubro 2019.	
13/06/2019	922	Concesión axuda económica.	R.B.G.	Pago de aluguer correspondente á fianza (480 €), xuño (240 €), xullo (240 €) e parte de agosto (115 €) de 2019.	1.075,00 €
13/06/2019	928	Concesión axuda económica.	M.R.D.L.S.	Pago de aluguer correspondente aos meses de xaneiro (220 €), febreiro (220 €) marzo (220 €), abril (220 €) e parte de maio (195 €) de 2019.	1.075,00 €
14/06/2019	938	Concesión axuda económica.	T.L.A.	Pago de recibo de auga correspondente ao 4º trimestre de 2018. Recibos de auga correspondente ao 1º, 2º e 3º trimestre de 2019. Pago de recibos de electricidade correspondentes a os meses de outubro de 2018 a outubro de 2019. Bono de alimentos tipo C durante seis meses e cunha entrega mensual. Bono de lactantes durante seis meses e cunha entrega mensual. Bono de hixiene tipo B durante seis meses e cunha entrega mensual.	98,38 €
14/06/2019	939	Autorización, disposición, recoñecemento e orden do	J.M.V.C.	Pago do recibo de auga correspondente ao 1º	82,86 €

C.I.F. P-1503100-H

		pago.		trimestre de 2019.	
18/06/19	952	Concesión axuda económica.	A.B.V.	Pago de aluguer e fianza correspondente a fianza e unha mensualidade.	833,00 €
28/06/2019	994	Concesión axuda económica.	A.M.S.F.	Pago de aluguer correspondente aos meses de xaneiro (386,50 €), febreiro (386,50 €) e parto de marzo (302 €) de 2019.	1.075,00 €
28/06/2019	995	Concesión axuda económica.	A.G.R.	Pago de recibos de auga correspondente ao 1º, 2º e 3º trimestre de 2019. Pago recibos de electricidade correspondentes ao periodo do 6 de novembro de 2018 ao 2 de decembro de 2018 (9042€), do 2 de decembro de 2018 ao 2 de xaneiro de 2019 (123,30€) e do 2 de xaneiro ao 6 de febreiro (248,66€). Pago de recibos de gas correspondentes aos meses de novembro de 208 a outubro de 2019. Bono de alimentos tipo A durante tres meses e cunha entrega mensual. Bono de hixiene tipo A durante tres meses e cunha entrega mensual.	462,38 €
05/07/19	1027	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	C.L.S.	Pago recibo de auga correspondente ao periodo de 3º,4º trimestre de 2018 e 1º trimestre de 2019. Pago do recibo de gas correspondente ao periodo de 01 de novembro de 2018 a 10 de abril de 2019. Pago do recibo de luz correspondente ao	261,38 € 201,87€ 242,63€

C.I.F. P-1503100-H

				periodo de 12 de novembro de 2018 a 12 de maio de 2019.	
05/07/19	1028	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	A.G.B.	Pago do recibo de auga, correspondente ao período de 4º trimestre de 2018 e 1º trimestre de 2019. Pago do recibo de luz correspondente ao período de 01 de xaneiro de 2019 a 11 de abril de 2019. Pago do recibo de comunidade, correspondente ao período de 01 de xaneiro de 2019 a 30 de xuño de 2019. Pago do recibo de gas correspondente ao período de 01 de xaneiro a 15 de abril de 2019.	155,30 € 65,65€ 150€ 42€
05/07/19	1029	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	D.D.F.T.	Pago do recibo de transporte correspondente ao período do mes de maio de 2019.	53,06 €
05/07/19	1031	Modificación.	S.S.S.	Modificar a contía concedida para o pago de alugueiro do mes de xullo de 2019. Conceder unha axuda económica para o pago do recibo de auga, correspondente ao 1º trimestre de 2019, que lle será aboada mediante folia de pedido ao proveedor.	113,94 € 86,06€
05/07/19	1032	Conceder unha axuda económica .	E.C.L.	Pago dos recibos de comunidade correspondente aos anos 2018 e 2019. Pago do recibo de auga correspondente ao 1º e 2º trimestre do ano 2019, que lle será aboada mediante talón bancario	960,00 €

				nominativo.	
05/07/19	1033	Conceder unha axuda económica.	I.B.D.M.	Pago do alugueiro correspondente aos meses de decembro de 2018 75 € e de xaneiro a maio 220 €/mes que lle será aboada mediante talón bancario nominativo.	1.075,00 €

***TARXETA ESTACIONAMIENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emisión y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad (BOE nº 309 de 23 de decembre de 2014)**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Vixencia
14/06/19	937	Concesión tarxeta de estacionamiento por razón de discapacidade.	E.M.R.	10 anos.
14/06/19	940	Concesión tarxeta de estacionamiento por razón de discapacidade.	E.P.F.	10 anos.

SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS BÁSICOS:

PROGRAMA V DE SOLIDARIEDADE E DINAMIZACIÓN SOCIAL

****Participación social :Culleredo enCLAVE social:**

Colaboración co ciclo de conferencias "El TDAH no se va de vacaciones"

A Concellaría de política social, mocidade e promoción do deporte colaborará coa asociación cullerdense ANHIDACORUÑA para o desenvolvemento do ciclo de conferencias: "El TDAH no se va de vacaciones".

Por segundo ano consecutivo, a entidade organiza o 30 de Xullo, ás 19:00h, na sala de vídeo do Edificio Municipal de Servizos Múltiples, un ciclo de conferencias baixo o título: "Ponte en mis zapatos, el TDAH a través de mis ojos".

O obxectivo da iniciativa é o de buscar dar unha perspectiva do TDAH en primeira persoa a través do testemuña de persoas que padecen este trastorno, e deste xeito transmitir a repercusión que ten ao longo da vida das persoas.

As entrevistas acompañaranse dun contexto científico a cargo das psicólogas xerais sanitarias expertas en TDAH e inclusión social Belén Manzano e Ana Cristina Díez."

2.2.2.- O Sr. Iglesias Lovelle dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellaría delegada da Desenvolvemento local, Cultura, Festas e Turismo:

“DACIÓN DE CONTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

DA CONCELLARÍA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL, CULTURA, FESTAS E TURISMO.

O concelleiro de Desenvolvemento local, Cultura, Festas e Turismo dá conta á Xunta de Goberno do día 22 de xullo de 2019 da realización das seguintes actividades:

ACTIVIDADES CULTURAIS

MÉRCORES 24 DE XULLO.

Biblioteca González Garcés do Burgo. 11.30 h:

Obradoiro-contacontos *A fábrica dos corazóns de papel reciclado*, a cargo de Carballo con botas.

Nenos/as a partir de 4 anos. Entrada libre.

MÉRCORES 24 DE XULLO

Aula de Natureza “Juan Lembeye” do Xardín Botánico do Burgo. 20.00 h:

Inauguración da exposición do XIII Premio Internacional de Arte Gráfica “Jesús Núñez”, da Deputación da Coruña. Permanecerá aberta ao público ata o 30 de agosto. “

C.I.F. P-1503100-H

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e cincuenta minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral accidental, dou fe.

Visto e praxe

O alcalde

(asinado dixitalmente)